



Protocolo de actuación para obxectivar os criterios de selección previstos na base 15 da Resolución do 8 de marzo de 2021, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se acorda darlles publicidade ás bases da segunda convocatoria para presentar creacións culturais, bens ou servizos de consideración análoga, coa finalidade de incrementar os contidos creativos de interese cultural e lingüísticos do denominado Fondo de proxectos culturais en lingua galega Xacobeo 2021, e se anuncia a apertura do prazo para que as persoas físicas e xurídicas do sector cultural interesadas poidan presentar as súas iniciativas.

As comisións técnicas de valoración de proxectos culturais en Lingua galega nomeadas pola persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística para avaliar os proxectos susceptibles de configurar o Fondo X21 nas diferentes modalidades previstas nas bases da convocatoria establecen, na súa sesión constitutiva do 16 de marzo de 2021, o protocolo de actuación para obxectivar os criterios de valoración dos proxectos que se presenten á referida convocatoria pública nas tres modalidades de proxectos segundo o seu formato e que son os seguintes:

Dixital, presencial, material (cada unha delas pode incluír a combinación de diferentes formatos).

Os criterios técnicos e económicos de valoración son os previstos no apartado 3 da base 15ª da convocatoria e os aspectos que analizarán e avaliarán as comisións de valoración son os que se identifican de forma desagregada para cada criterio:

3.1 Interese do proxecto en relación cos eixes de acción estratéxica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Secretaría Xeral de Política Lingüística para o desenvolvemento da súa programación cultural e lingüística consonte os obxectivos e os ámbitos de actuación previstos nas bases desta resolución. A súa puntuación máxima será de 20 puntos.

- Valorarase o interese e a capacidade do proxecto para impulsar a creación, difusión e innovación cultural en lingua galega e para poñer en valor o patrimonio cultural galego en relación con algún dos eixes de acción estratéxica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Secretaría Xeral de Política Lingüística para o desenvolvemento da súa programación cultural e lingüística.
- Terase en conta a idea central da proposta e a súa relación cos obxectivos e ámbitos de acción indicados nas bases da convocatoria (lingua galega, patrimonio cultural material e inmaterial, música, artes escénicas e visuais, audiovisuais, literatura, ciencia, Xacobeo, Camiño de Santiago etc.).
- Terase en conta a contribución do proxecto ao desenvolvemento do sector cultural de Galicia, á consolidación da súa industria cultural e creativa e á posta en valor do seu talento creativo e artístico e do seu potencial cultural.





- Valorarase a capacidade do proxecto para potenciar a marca e a identidade galegas e transmitir a imaxe de Galicia como unha comunidade innovadora, aberta ao mundo e plenamente integrada na realidade social europea, moderna e diversa, con pasado, presente e futuro, rural e urbana, non restrinxida a aspectos folclóricos ou costumistas.
- Valorarase a calidade e viabilidade do proxecto en relación coa dinamización da lingua galega e a súa capacidade para acadar este obxectivo.
- Terase en conta o carácter transversal do proxecto e a súa contribución ao fomento dos valores democráticos (igualdade, respecto á diversidade, solidariedade, inclusión, integración etc.) e ao desenvolvemento sustentable.
- Valorarase a viabilidade de realización do proxecto e a súa capacidade de adaptación ou versatilidade.
- Valorarase o interese da proposta alternativa, do mesmo xeito que a principal.

Alto: 20

Medio: 10

Baixo: 2

Nulo: 0

3.2 Orixinalidade, creatividade e innovación, calidade técnica e estética do proxecto, así como da súa execución. A súa puntuación máxima será de 20 puntos.

- Valorarase a orixinalidade e o carácter innovador do proxecto, a proposta de formas orixinais de presentar os contidos asociados a el, a oferta de bens, produtos e servizos singulares, creativos e actuais e a súa versatilidade.
- Valorarase a calidade técnica e estética do proxecto e do ben ou produto cultural que ofrece (calidade do contido, da edición, das características técnicas do produto –por exemplo, papel, tintas–; da música, gravación, planos, fotografía, son, montaxe ou edición, resolución, imaxes, cor, simetrías etc.; do elenco, medios técnicos, itinerancia, en función do soporte ou do formato: dixital, material etc.), en función do formato material ou dixital.
- Valorarase a calidade técnica e estética do proxecto e do servizo presentado (diseño, produción, montaxe e realización de eventos, por exemplo, escenografía/posta en escena, son, iluminación, interpretación, elenco).
- Valorarase a solvencia técnica, a experiencia e o historial creativo e profesional da empresa/persoa responsable da execución do proxecto.





Alto: 20

Medio: 10

Baixo: 2

Nulo: 0

3.3 Grao de adecuación do contido cultural, patrimonial, lingüístico, lúdico ou científico do proxecto en relación co público potencial ao que vai dirixido (mocidade, familia e público infantil, tecido económico e empresarial, comunidade educativa, sociedade en xeral etc.) e alcance potencial da súa difusión (local, autonómico, estatal, internacional). A súa puntuación máxima será de 20 puntos.

- Valorarase a definición do público obxectivo ao que vai dirixido o proxecto, a idoneidade da proposta para o público destinatario e o grao de correlación entre a proposta de contidos e/ou actividades presentada e os seus intereses, aptitudes, necesidades ou demandas.
- Teranse en conta o carácter transversal da proposta e a súa capacidade de integración en programacións que combinen diferentes ámbitos e disciplinas do eido cultural e lingüístico.
- Valorarase o potencial de circulación do proxecto (e do ben, material, produto ou servizo ofrecido), a capacidade que ten de alcanzar un público amplo dentro do ámbito de acción ao que vai destinado (local, autonómico, estatal ou internacional).
- Valorarase a presentación dun plan de difusión do proxecto e a adecuación deste aos obxectivos previstos. Valorarase as estratexias de difusión e mercadotecnia e as medidas, vías e canles de difusión presentadas, en especial as relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación.

Alto: 20 (correlación directa e explícita e idoneidade elevada ou total; alcance alto).

Medio:10 (correlación pouco directa ou explícita e idoneidade media; alcance medio).

Baixo: 2 (idoneidade baixa ou moi baixa para o público potencial ao que vai dirixido; alcance baixo)

Nulo: 0 (ausencia de correlación e idoneidade nula; alcance mínimo)

A puntuación acadada non é proporcional á extensión maior ou menor do ámbito territorial ao que vai dirixido o proxecto.





3.4 Calidade lingüística do proxecto. A súa puntuación máxima será de **15 puntos**.

- Valorarase a calidade da lingua oral ou escrita utilizada no proxecto e noutros produtos, bens ou servizos da empresa ou persoa solicitante como garantía da calidade na execución do proxecto e dos produtos, bens e servizos ofrecidos (adequación, corrección, riqueza, redacción -coherencia e cohesión-, pronuncia).
- Valorarase a presenza no orzamento dun concepto de revisión, tradución ou asesoramento lingüístico na execución do proxecto e o carácter profesional deste servizo.

Alta: 15

Media: 8

Baixa: 5

Nula: 0

3.5 Grao de adecuación do orzamento do proxecto presentado e dos seus custos de execución aos prezos de mercado en relación con outros bens ou servizos similares. A súa puntuación máxima será de **25 puntos**.

- Valorarase o grao de adecuación do orzamento do proxecto presentado e dos seus custos de produción e execución aos prezos de mercado en comparación con outros bens ou servizos similares e a súa desviación proporcional. Valórase tomando como referencia o orzamento do proxecto e os seus custos de execución.
- Valorarase a viabilidade económica do proxecto en función dos seus custos desagregados de produción e execución. Terase en conta a coherencia entre o orzamento e o proxecto.
- De ser o caso, valorarase igualmente o grao de adecuación aos prezos de mercado do orzamento da proposta alternativa de execución, a súa viabilidade e o grao de correspondencia entre o orzamento principal e o da proposta alternativa.

Alto: 25 (adequación total aos prezos medios de mercado; viabilidade alta)

Medio: 12 (igual ou menor ao 10 % de desviación; viabilidade media)

Baixo: 2 (igual ou menor ao 49 % de desviación; viabilidade baixa)

Nulo: 0 (desviación igual ou superior ao 50 % do prezo medio de mercado; viabilidade nula)





A calidade técnica dos proxectos, segundo os criterios dos apartados 3.1), 3.2), 3.3) e 3.4), acadará unha puntuación máxima de **75 puntos**.

Rexeitaranse os proxectos que na suma dos criterios técnicos 3.1), 3.2), 3.3) e 3.4) obteñan unha puntuación inferior a **35 puntos**.

Así mesmo, rexeitaranse os que acaden unha puntuación igual ou inferior a **5 puntos** no criterio técnico para avaliar a calidade lingüística.

A viabilidade económica dos proxectos examínase en función dos custos desagregados de produción e execución do proxecto segundo o previsto no apartado 3.5) deste protocolo. A súa puntuación máxima será de **25 puntos**.

A ausencia total de adecuación dos custos do proxecto aos prezos de mercado motivará o seu rexeitamento.

Rexeitaranse, igualmente, os proxectos que presenten unha memoria descritiva que careza de claridade ou dunha descrición suficiente para a súa adecuada valoración ou cuxos contidos non se axusten ás bases da resolución, inciten ou promovan unha mensaxe ofensiva, violenta, discriminatoria ou atenten contra os dereitos fundamentais das persoas.

En caso de empate terá preferencia o proxecto que acade maior puntuación na suma total da calidade técnica, segundo os apartados 3.1), 3.2), 3.3) e 3.4) deste protocolo. Se persiste o empate, terá preferencia o proxecto que acade maior puntuación no criterio 3.5), relativo á adecuación do orzamento do proxecto e dos seus custos de execución aos prezos de mercado. Se, aínda así, persiste o empate a persoa que exerza a presidencia dirimirá co seu voto de calidade.

As comisións técnicas de valoración emitirán un informe de valoración motivado para cada proxecto presentado e trasladaranlle ao órgano instructor do expediente a súa decisión para que lle traslade á persoa titular da Secretaría Xeral de Política Lingüística unha proposta de resolución dos proxectos seleccionados e os informes de valoración.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

José Blanco Tarrío

Secretario

Elvira María Casal García

Subdirectora xeral de Planificación e
Dinamización Lingüística

